

CONCERTOS PARA ESCOLARES

*Orquestra Sinfónica do Conservatorio
Profesional de Música de Santiago*

Real Filharmonía de Galicia

AUDITORIO DE GALICIA
CURSO 2012/2013



PROPOSTA DIDÁCTICA
Amalia Moreiras

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución

O concerto

Actividades anteriores ó concerto:

The typewriter

Danzas eslavas

A orquestra

Actividades posteriores ó concerto:

Os autores

As obras

A orquestra

Anexos:

Partituras

Biografías

Curiosidades

Internet

INTRODUCCIÓN

Na oferta didáctica de Concertos Escolares do Auditorio de Galicia para este curso inclúese un concerto a cargo da orquestra do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, acompañada por 16 profesores da orquestra Real Filharmonía de Galicia. Os materiais que se presentan a continuación están pensados como actividades musicais para traballar co alumnado na aula antes e despois do concerto, correspondentes ao nivel da ESO. Porén, cada docente pode modificar as actividades aquí propostas, cambialas de orde ou escoller cales traballar coa súa clase, dependendo do seu criterio, do seu alumnado e das posibilidades de tempo e recursos das que dispoña.

O CONCERTO

Este concerto didáctico inclúe no seu programa as seguintes pezas, na orde da súa interpretación:

- o Danza eslava op. 46, número 8 (Dvorak)
- o Obertura *Die Zauberharfe* D. 644 (Schubert)
- o Danzas eslavas op. 46, números 4 e 6 (Dvorak)
- o *The Typewriter* (L. Anderson)

Antes de iniciar as actividades, informaremos ao alumnado do esencial do concerto, isto é, lugar, día, hora, intérpretes e repertorio.

ACTIVIDADES ANTERIORES Ó CONCERTO

a) *The Typewriter*



Algunhas das pezas do concerto levan títulos en linguas estranxeiras. A primeira sobre a que se pode traballar é *The typewriter*, de Leroy Anderson. En primeiro lugar, preguntaremos ó alumnado o significado deste título. En caso de que non saiban contestar, utilizaremos un dicionario para atopar a tradución. Verán que se trata dunha máquina con teclas para producir caracteres impresos nun papel que se inserta na máquina por medio dun rodillo. Pode ser que o alumnado actual da ESO non coñeza nin o mecanismo nin o aspecto deste aparato, polo que é

simple organizar unha rápida excursión á secretaría do centro para observar o seu funcionamento, solicitando a amable colaboración do persoal administrativo. Deberán entender o mecanismo de inserción do papel, o desprazamento do papel cara abaixo grazas ó carro e o rodillo, a posición da cinta tintada, o proceso de impresión das letras e a función do timbre da máquina. O esencial non é tanto coñecer o mecanismo como escoitar o son que producen os golpes dos tipos sobre o papel, pois este ruidiño será fundamental na obra que escoitarán no concerto.

De volta á aula, poderán xurdir diversas cuestións que poden ser respostadas na clase ou encargar ó alumnado que indague sobre a súa solución; poden ser, por exemplo, cuestións relativas á:

- invención: ¿quen e cando inventou a máquina de escribir? ¿por que? ¿que tipo de usuario foi o principal destinatario inicialmente?
- disposición das letras no teclado: ¿todas as máquinas teñen as letras na mesma posición? ¿o teclado dun ordenador é igual ó da máquina de escribir? ¿os teclados son iguais en todas as linguas?
- pervivencia desta máquina hoxe: ¿seguen fabricándose máquinas de escribir? ¿se tes unha máquina que aínda funciona ben podes seguir usándoa indefinidamente?

Despois desta primeira toma de contacto coa máquina de escribir, pasaremos ó alumnado un breve extracto da película de Almodóvar titulada *"La ley del deseo"* (minuto 31:10 ata o 31:40) onde a presenza da máquina de escribir ten tamén unha importancia musical. [Aínda que a máquina de escribir é unha peza relevante ó longo de toda a película, non é un filme recomendable para ver na aula, polo que é necesario extractar exactamente o fragmento sinalado] Preguntaremos ó alumnado que ten de particular o fragmento e comentaremos o posible uso da máquina de escribir como instrumento musical, que será o que escoitarán no concerto. Dado que a peza de Anderson é moi sorprendente, non é recomendable facela escoitar na aula antes do concerto, pois desbotaría a sorpresa da audición en vivo.

b) Danzas eslavas

No concerto vanse interpretar varias das *Danzas eslavas* de Dvorak. Como no caso anterior, coñeceremos primeiro o que significa "eslavas" e localizaremos nun mapa de Europa a situación aproximada dos antigos pobos eslavos e a súa equivalencia cos países actuais. A continuación, escribiremos no taboleiro as seguintes palabras: "Dumka", "Skočná", "Sousedská" e "Polka" e preguntaremos ó alumnado se saben a que fan referencia. Pode ser que, a partir de "polka" saiban relacionar os termos con bailes; se no fose así, escribiríamos unha nova serie de palabras: "vals", "minueto", "mazurka", "muiñeira", coa que a relación queda xa clara. Explicaremos que son os nomes en eslavo de diversas danzas populares nas que Dvorák se inspirou para compoñer as súas propias danzas, empregando ritmos propios das músicas populares dos países europeos vistos anteriormente (Serbia, Eslovenia, Ucraña, Polonia, etc), aínda que as melodías non son completamente populares senón tamén orixinais do propio Dvorak. Faremos escoitar o inicio das danzas op.46 nº 6 e nº 4 para que o alumnado intente encontrar puntos en común entre ambas (o compás ternario e a interpretación orquestral) Se dispomos de tempo, pode analizarse a estrutura de ambas danzas, pois tamén é similar nas dúas: unha forma tripartita ABA con coda. Se consideramos que son audicións demasiado longas para a análise, pódese utilizar soamente a primeira parte A da danza nº 4, pois a súa subdivisión en frases é moi clara e tamén ten forma tripartita.

c) A orquestra

No concerto interveñen varios músicos da orquestra Real Filharmonía de Galicia. Pódese encargar ó alumnado a indagación por grupos na páxina web da orquestra para informarse de diversos aspectos como, por exemplo:

- antigüidade da orquestra
- número total de músicos
- nome do director actual
- grupo instrumental máis numeroso



Posteriormente cada grupo exporá o resultado a toda a clase. Se non se dispón dun número suficiente de ordenadores, pode consultarse na aula a páxina web da orquestra e ir contestando colectivamente ás cuestións anteriores ou a calquera outra que o profesorado considere oportuna.

ACTIVIDADES POSTERIORES Ó CONCERTO

De volta á aula despois de escoitar o concerto, será o momento de completar a experiencia con actividades de reforzo e ampliación que contribúan a fixar os elementos do concerto.


a) Os autores

Preguntaremos ó alumnado se as músicas escoitadas poderían ser todas da mesma época ou cal, na súa opinión, era a máis antiga e cal a máis recente. Anotaremos as respostas maioritarias no taboleiro e, ó lado, a solución correcta. Isto servirá para introducir algúns datos dos compositores do concerto, que utilizaremos na actividade seguinte. Dividiremos a clase en 3 grupos (ou 6 se o número total de alumnos/as na aula é moi numeroso) e encargaremos a cada grupo a recompilación de información acerca de un dos 3 autores escoitados no concerto: F. Schubert, A. Dvorak e L. Anderson. O obxectivo é obter os datos relativos a:

- datas de nacemento e morte
- lugar de nacemento
- algún dato biográfico: ascendentes, estudos, ocupacións laborais, países de residencia e/ou visita, algunha curiosidade persoal, etc.
- obras importantes: xénero e título dun mínimo establecido polo docente (3 ou 4 obras, por exemplo)

Pódense utilizar distintas fontes de información: bibliografía da aula, internet ou material proporcionado directamente polo profesorado. A modo de exemplo damos unhas breves biografías que poden servir para a actividade (ver anexos). Unha vez que cada grupo ten recollido os datos que considera oportunos, refanse os grupos de xeito que en cada un deles haxa membros dos tres equipos anteriores, para que todos os grupos saiban algo dos tres compositores. Feita a redistribución do alumnado, será o momento de repasar os datos recompilados, que pode facerse en forma de xogo, a partires das preguntas que fará o docente. Gañará o equipo que máis preguntas acerte. Outra posibilidade sería encargar a cada novo equipo a realización de táboas comparativas, ou mapas de relacións, como por exemplo:

	Lugar de nacemento	Data de nacemento	Idade	Fama	Fortuna	Obras
Schubert						
Dvorak						
Anderson						



b) As obras

Na aula pódense reescoitar e traballar con calma as pezas escoitadas no concerto. Sobre *The Typewriter*, seguramente a máis atractiva para o alumnado, podemos seguir traballando recordando primeiro a función do timbre orixinal nas máquinas de escribir; seguidamente comentaremos a nota incluída na partitura orixinal orquestral da obra, que di o seguinte:

**A real typewriter, with the sound amplified, is played by one percussion player.
The typewriter bell is disconnected and the bell sound is produced on a desk bell by a second player.
As an alternative, the key clatter may be imitated on a wood block and the carriage return on a gourd.**

Despois de comprender o significado da nota, recordaremos se esta observación se cumpriu na interpretación do concerto ó que asistiron. Tamén comprobaremos se se cumpre nun dos dous vídeos reseñados nos anexos, extraído dun concerto sinfónico, onde se pode ver e escoitar o músico encargado da interpretación da obra. No segundo vídeo, extraído dunha película, o actor fai a mímica de teclear na máquina pero sen ningún obxecto diante, que será xustamente a seguinte tarefa do alumnado. Finalmente, podemos intentar percutir tamén nos, golpeando cos dedos na mesa e empregando as palmas ou un instrumento concreto (crócalos ou triángulo, por exemplo) para o timbre. Neste segundo caso, haberá que repartir a interpretación de forma que unha parte da clase percuta "as teclas" na mesa e a outra parte faga sonar o timbre co instrumento escollido. Se resulta demasiado complexo a interpretación da obra completa, pode realizarse só nos estribillos, o que nos servirá para analizar a estrutura da obra, unha especie de rondó con repetición da introdución e con coda.

Sobre as *Danzas eslavas*, pode reescoitarse algunha das interpretadas no concerto para comentar a instrumentación brillante e espectacular de Dvorak, conseguida grazas á orquestra numerosa, ós contrastes dinámicos e ás combinacións tímbricas. Informaremos ó alumnado da orixe destas pezas, inicialmente escritas para piano a 4 mans, que limita moito esta espectacularidade. Se temos instrumental e o nivel do alumnado o permite, podemos intentar tamén a interpretación da danza nº 8, na versión facilitada incluída nos anexos.

Sobre a obra de Schubert, *Die Zauberharfe*, explicaremos a súa forma musical, a obertura, e a súa función. Como curiosidade, pode explicarse a orixe desta obertura e cómo acabou sendo empregada actualmente como inicio de *Rosamunda*.

c) A orquestra

Poden realizarse diversas actividades de traballo posterior na aula, como reforzo e ampliación das xa vistas en torno á orquestra. Por exemplo:

- indicar se a disposición da orquestra durante o concerto correspondía á habitual ou non, indicando neste caso os cambios habidos.
- comentar o vestuario dos músicos durante o concerto e xustificalo. Esta actividade permitirá falar do habitual uniforme das orquestras, comentar as opinións do alumnado ó respecto e escoitar as súas suxerencias.
- indicar se hai máis mulleres que homes na orquestra ou viceversa, a partires da súa percepción durante o concerto, e comentar a presenza das mulleres no ámbito profesional orquestral. Poden contrastarse as súas respostas coa composición real da plantilla da RFG e comprobar se predomina un sexo ou outro, en xeral e en cada familia instrumental en concreto, e intentar averiguar as causas que o xustifiquen, se as hai.
- escoitar as opinións do alumnado que estuda música no Conservatorio, se hai na aula algún caso, e coñecer a súa experiencia orquestral, se a ten.

ANEXOS

Partituras

Danza eslava op. 46 n° 8

A. Dvorak
(arr. A. Moreiras)

Flauta
Carillón

Metalófono 1

Metalófono 2

5

Fl.
Car.

Met. 1

Met. 2

9

Fl.
Car.

Met. 1

Met. 2

13

Fl.
Car.

Met. 1

Met. 2

17

Fl.
Car.

Met. 1

Met. 2

21

Fl.
Car.

Met. 1

Met. 2

Biografías



Franz Peter Schubert, nado en Viena o 31 de xaneiro de 1797 e finado na mesma cidade o 19 de novembro de 1828, foi un compositor austríaco, un dos continuadores do romanticismo musical iniciado por Beethoven.

Fillo dunha familia de persoas moi humildes, seu pai, de orixe campesiña procedente de Moravia, era mestre de escola e súa nai, procedente de Silesia, era serventa. Con once anos entrou como cantor na capela imperial, conseguindo unha bolsa que lle permitiu estudar gratuitamente na escola municipal, onde foi alumno de Salieri e escribiu as súas primeiras sinfonías. Con 14 anos crea os seus primeiros lieder (breves composicións para voz e piano) e antes de cumprir os 18 xa creara unha das súas obras mestras, "Gretchen am Spinnrade", o primeiro dos moitos lieder inspirados en poemas de Goethe. Con dezanove anos xa escribira máis de 250 lieder. Malia as súas dotes musicais, o seu pai pretendía que Franz se dedicase á súa mesma profesión e exercese de mestre. Isto motivou o enfrontamento entre ambos e o abandono de Franz da casa paterna.

Decidido a gañarse a vida coa música, Franz Schubert nunca conseguiu manterse só coas súas composicións, sobrevivindo grazas á xenerosidade dos seus numerosos amigos, que o foron acollendo sucesivamente nas súas respectivas casas. En Viena, Schubert levou unha vida bohemia rodeado de intelectuais, amante dos ambientes populares, afastado dos salóns e da etiqueta da nobreza. Deste entorno procede o famoso termo de schubertiadas: reunións de artistas de tódolos ámbitos que formaban un círculo brillante e animado dedicado á música e á lectura. A vida de Schubert discorreu sempre nun estado de gran precariedade económica, agravada considerablemente a partires de 1824 polos primeiros síntomas da enfermidade que acabaría prematuramente coa súa existencia ós 31 anos.

A pesares da súa breve vida, a súa produción total bordea o millar de pezas, entre as que destacan os seus máis de 600 lieder, e a súa música instrumental (sinfonías e música de cámara)



Antonín Leopold Dvořák, nado en Nelahozeves o 8 de setembro de 1841 e finado en Praga o 1 de maio de 1904, foi un compositor checo de música clásica encadrado dentro do Romanticismo.

Fillo dun carnicero, mostrou desde neno aptitudes musicais. Estudou en Praga e conseguiu traballo como músico na orquestra do Teatro, mentres comezaba a escribir as súas primeiras composicións. Grazas a elas, gaña unha bolsa para viaxar a Viena e empeza a obter fama e recoñecemento con obras como as súas "Danzas eslavas" ou o "Stabat Mater". Dvorak visita repetidamente Inglaterra, onde é nomeado doctor "honoris causa" pola Universidade de Cambridge (1891), distinción que tamén lle outorgarán máis tarde as universidades de Viena e Praga.

En 1892 acepta a invitación de marchar a Nova York

como director do Conservatorio Municipal e será en América onde escribirá algunhas das súas obras máis famosas. A morriña da patria impulsouno a regresar a Praga, onde volveu ocupar o posto de profesor de composición do Conservatorio que xa tiña anteriormente. A pesares da súa gran fama internacional, mantivo sempre unha vida sinxela, ocupándose directamente dos seus compromisos (non tivo secretario persoal) e mantendo as súas afeccións polas pombas e as locomotoras.

Nas súas obras usou moitas melodías e ritmos populares da Moravia e da súa Bohemia natal. Este "eslavismo" de inspiración popular é un dos caracteres típicos da súa música, así como a súa gran riqueza inventiva e facilidade creadora. Os seus traballos inclúen óperas e música vocal, aínda que predomina a música instrumental: sinfonías, concertos e música de cámara. Entre as súas obras máis coñecidas inclúense a Sinfonía nº 9 "Do novo mundo", as "Danzas Eslavas", o cuarteto de Cordas "Americano" e o Concerto para Violoncello.



Leroy Anderson, nado o 29 de xuño de 1908 e finado o 18 de maio de 1975, é un dos máis grandes compositores de Estados Unidos, orixinario de Cambridge, Massachusetts, e descendente de pais suecos. Leroy Anderson recibiu as súas primeiras clases de piano na casa, impartidas pola súa nai, que era organista de igrexa, e decidiu continuar as súas clases de piano no Conservatorio de Música de Nova Inglaterra. En 1926, ingresou na universidade de Harvard para estudar música, onde se graduou como Mestre de Artes en 1930 e cursou, ademais, linguas xermánicas e escandinavas. Excepcionalmente dotado para as linguas, dominaba o danés, noruegués, islandés, alemán, francés, italiano e portugués, ademais do inglés e sueco maternos. Pensando que non tería moito futuro coa música tentou traballar como mestre de linguas aínda que finalmente cambiou de idea e centrouse plenamente na composición e dirección. Colaborou asiduamente coa Boston Pops Orquesta, unha orquesta especializada en adaptacións sinfónicas de temas de películas. Animado por Arthur Fielder o director desta orquesta, comezou a súa composición de miniaturas sinfónicas co "Jazz Pizzicato", que tivo un grande éxito e foi o inicio da súa longa serie de famosas e alegres composicións. O propio Anderson definía a súa música como "música de concerto con cualidades pop". En 1942, durante a Segunda Guerra Mundial, Leroy Anderson traballou para o exército dos Estados Unidos, que utilizou os seus coñecementos lingüísticos. Deixou o exército en 1945 e seguiu colaborando coa orquesta Boston Pops ata 1950, cando pasou a dirixir el mesmo as súas composicións. A súa música comezou a ser coñecida en todo o mundo e algunhas das súas miniaturas para orquesta foron utilizadas como sintonías para programas televisivos, como no caso de "The syncopated clock", "Plink, plank, plunk" ou "The typewriter". John Williams describiu a Leroy Anderson como "un dos máis grandes mestres de música de orquesta; a súa música mantense fresca e nova como o mesmo día que a escribiu". Anderson compuxo tamén formas musicais longas, como o seu "Concerto para piano" ou o seu musical "Goldilocks", pero foron as súas miniaturas orquestrais as que lle deron a fama e recoñecemento mundial.


Curiosidades ¿Sabías que...?

A mecanografía é o proceso de introducir texto con soltura e velocidade por medio do teclado dunha máquina (de escribir ou ordenador), sen necesidade de mirar o teclado. Ó longo do século XX desenvolvéronse moitos concursos de mecanografía para avaliar a rapidez dos participantes, que se mide en pulsacións por minuto. Igualmente, durante moito tempo foi necesario acadar un mínimo de pulsacións determinado para poder acceder a postos de traballo como secretaria ou administrativo. Actualmente, a mecanografía é indispensable para aproveitar ó máximo calquera programa informático actual e desempeñar correctamente labores administrativas nun posto de traballo, polo que é una das materias básicas ensinadas nos primeiros cursos de Secundaria en moitos dos colexios de América do Sur.

Existe un teclado para escribir, denominado "teclado Dvorak" que, a pesares do seu nome, non ten nada que ver co compositor. É un teclado que presenta unha disposición das letras completamente diferente á habitual. Foi deseñado para substituír ó teclado habitual (qwerty) pero aínda non conseguiu desprazalo. Non obstante, as persoas que o utilizan aseguran que aumentan a súa velocidade mecanográfica e reducen os erros de teclado. A comparación de ambos teclados, o estándar e o Dvorak, é a seguinte:

QWERTY KEYBOARD													DVORAK KEYBOARD														
~	1	@	#	\$	%	^	&	*	()	-	+	Delete	!	@	#	\$	%	^	&	*	()	-	+	Delete	
Tab	Q	W	E	R	T	Y	U	I	O	P	{	}	\	Tab	?	<	>	P	Y	F	G	C	R	L	{	}	\
Caps	A	S	D	F	G	H	J	K	L	:	"	Enter		A	O	E	U	I	D	H	T	N	S	"	Enter		
Shift	Z	X	C	V	B	N	M	<	>	?	/	Shift	Shift	:	Q	J	K	X	B	M	W	V	Z	Shift			
Ctrl		Alt										Alt		Ctrl	Ctrl		Alt								Alt		Ctrl

Jeremy Mayer é un curioso artista que crea sorprendentes esculturas a partir dos elementos de velas máquinas de escribir.



Internet

<http://www.youtube.com/watch?v=W0WRfuDQHs4>

Extracto da película "Lío en los grandes almacenes", onde Jerry Lewis interpreta *The Typewriter* de Anderson.

<http://www.youtube.com/watch?v=LGcA9QKzEOQ>

Vídeo coa interpretación en concerto da obra de Anderson, con orquestra e unha auténtica máquina de escribir.

http://es.wikipedia.org/wiki/Teclado_Dvorak

Artigo na wikipedia sobre o teclado Dvorak

<http://jeremymayer.com/GalleryMain.asp?GalleryID=41158&AKey=23SVCF6T>

Páxina dun curioso escultor que utiliza as pezas de velas máquinas de escribir para as súas obras.

<http://leroyanderson.com/>

Páxina oficial sobre o compositor, en múltiples linguas, con todo tipo de información relativa ó músico.

profmusicamalia@gmail.com

Enderezo electrónico para enviar valoracións deste material didáctico (variedade, adecuación ao nivel, dificultade, etc.) ou calquera outro tipo de comentarios, preguntas e/ou suxerencias sobre esta guía didáctica.